

---

# COR ANIMAL

Idea orixinal e ilustracións de MAYA HANISH

Textos de AGUSTÍN AGRA

---

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 13 €.

PREMIO PURPLE ISLAND (CONCURSO INTERNACIONAL DE LIBROS ILUSTRADOS NAMI ISLAND, COREA)

**Cor Animal** (galego)

ISBN 978-84-15250-84-5. Fatoría K de Libros.

**Color Animal** (castelán)

ISBN 978-84-15250-83-8. Fatoría K de Libros.

**Color Animal** (catalán)

ISBN 978-84-15250-86-9. Fatoría K de Libros.

**Cor Animal** (portugués)


ISBN 978-989-749-039-2. Fatoría K de Livros.

“Cor Animal” reúne unha trintena de animais que habitan en diversos lugares do mundo, presentándoos cun sinxelo texto descritivo e cunhas chamativas ilustracións elaboradas coa técnica do collage dixital, que destacan polo seu extraordinario colorido, as sorprendentes texturas e a orixinal fisonomía dos seus protagonistas.

Non se trata dun libro de animais corrente, senón dunha obra que ofrece un achegamento ameno á fauna, con contidos asequibles para primeiros lectores nos que Agustín Agra expón as principais habilidades destas especies, os seus costumes e algunhas curiosidades.


Sobre todo, chama a atención o tratamento do color no estilo artístico de Maya Hanisch: pel, pelaxe, plumas, escamas ou cobertura destes seres vivos son unha amalgama de recortes de revista e xornal, estampados de correo postal, tipografías, papel pintado con pinceladas de tinta, trazos soltos ou retais de materiais téxtiles. O seu traballo remítenos a Eric Carle pola liberdade creativa destas imaxes, nada convencionais.

Dende o aspecto fero da candorca ou do tigre de Bengala, ata a delicadeza das bolboretas, pasando polo exotismo do quetzal ou do peixe pallaso, “Cor Animal” propónnos unha enriquecedora viaxe por terra, mar e aire.



## QUETZAL

O quetzal é unha ave silenciosa do tamaño dunha galiña.  
Ten na cabeca un penacho de plumas que parece unha coroa.  
A súa plumaxe verde azulado a confunde coas follas húmidas das árbores.  
Para quieto case todo o día posado nunha pola.  
Se ten fame, come amoras ou froitos do loureiro,  
aínda que a súa comida favorita son os aguacates silvestres.



---

■ **Temática:** libro de animais.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** libro informativo; biodiversidade; textos sinxelos e descritivos, curiosidades; collage, reciclaxe, creatividade; Premio Nami Island ás ilustracións; outros libros de animais: serie “Inventarios ilustrados” e colección “Animais extraordinarios” de Fatoría K.

---

## Maya Hanisch

(Santiago de Chile, 1981)

Estudou deseño gráfico na Universidade Diego Portales de Santiago de Chile e ilustración e pintura no SMFA (School of the Museum of Fine Arts) de Boston. Dende 2008 publicou varios libros infantís como autora, en editoriais de diversos países. Ademais de dedicarse a escribir libros e á ilustración infantil, tamén traballa en publicidade e prensa; impartiu clases de ilustración na Universidade Católica de Chile e e na Biblioteca Nacional do seu país. Expuxo as súas obras tanto en Chile como no estranxeiro. Recibiu o Premio Fondo de Fomento á Lectura 2010, o Fondo do Libro 2014, en Chile, e o Premio Nami Island 2015 en Corea do Sur.  
<http://www.mayahanisch.blogspot.com>

## Agustín Agra

(Noia, 1966)

Licenciado en Biología, é profesor nun instituto de Ensino Secundario. Colaborador da Asociación Cultural Barbantia e autor das obras “O tesouro da Lagoa de Reid ‘Is” (Premio Merlín de Literatura Infantil 2006); “Cazaría salvaxe” (2008); “A treboada de C” (2009); “O recendo das mimosas” (2009) e “Trampa de luz” (2012). Recibiu tamén o Premio Modesto R. Figueiredo 2004.

---

www.FAKTORÍA  DE LIBROS.com

comunicacion@fatoriadelibros.com

---